INFORMACIÓN BÁSICA DA

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES LEIRAS PULPEIRO

CURSO 2009-2010

ÍNDICE

Contribución da área de inglés ao logro das competencias básicas p.3

Programación didáctica 1º ESO p.5
Obxectivos, contidos, mínimos esixibles e criterios avaliación

Programación didáctica 2º ESO p.16
Obxectivos, contidos, mínimos esixibles e criterios avaliación

Programación didáctica 3º ESO p.24
Obxectivos, contidos, mínimos esixibles e criterios avaliación

Programación didáctica 4º ESO p.34
Obxectivos, contidos, mínimos esixibles e criterios avaliación

Temporalización ESO p.41

Procedementos e instrumentos de avaliación e
Criterios de cualificación (ESO e BAC) p.42

Actividades de recuperación e reforzo de materia pendente p.43

Medidas de atención á diversidade p.44

Programación didáctica GDC p.45

Programación didáctica 1º BAC p.52
Obxectivos, contidos e criterios avaliación

Programación didáctica 2º BAC p.68
Obxectivos, contidos e criterios avaliación

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE INGLÉS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A incorporación de competencias básicas ao Currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideren imprescindíbeis. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatoria para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
A inclusión das competencias básicas no Currículo ten varias finalidades:

- integrar as diferentes aprendizaxes
- relacionar a aprendizaxe con distintos tipos de contidos e utilizalos de xeito efectivo cando resulten necesarios.
- orientar o ensino para tomar decisións relativas ao proceso do ensino e da aprendizaxe.

Coas áreas e materias do Currículo alcánzanse os obxectivos educativos e adquírense as competencias básicas. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e á súa vez cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal

A aprendizaxe da área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas:

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística*, complementando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia de aprender a aprender* ao contribuír á mellora da capacidade comunicativa xeral. Por iso a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en tratamento da información e competencia dixital* ao utilizar a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica, creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia social e cidadá*, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades destas. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia artística e cultural* se as producións lingüísticas que se utilizan conteñen un compoñente cultural.

Na programación de cada un dos cursos verase detalladamente como se reflicte en cada unidade didáctica a contribución da aprendizaxe da lingua estranxeira ás competencias básicas.

1º CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

OBXECTIVOS XERAIS DE CONTIDO

BLOQUE 1- Escoitar, falar e conversar

- Escoita e comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións, interaccións orais dirixidas ou gravacións en soporte audiovisual e informático, para obter información global e específica.
- Interacción oral en situacións reais ou simuladas con progresiva autonomía, eficacia e complexidade das expresións utilizadas.
- Produción de textos orais con progresiva autonomía, eficacia e complexidade baseados en modelos e estruturas lingüísticas coñecidas.
- Desenvolvemento de estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso de contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece, á lingua estranxeira.
- Inferencia de significados de información, mediante a interpretación de elementos contextuais.
- Identificación de trazos que diferencien o código oral e escrito.
- Transmisión de información esencial a outras persoas sobre o que se escoitou ou leu.
- Planificación na emisión de mensaxes, considerando a intención comunicativa, a situación de comunicación e os interlocutores.
- Negociación de significados na comunicación, desenvolvendo estratexias que axuden a comunicar con éxito, mantendo un equilibrio entre a corrección formal e a fluidez.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Lectura e comprensión de diferentes textos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou proxecto ou para gozar da lectura.
- Uso progresivo autónomo de estratexias de lectura: uso do contexto visual e verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece, identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas, utilizando dicionarios.
- Lectura e escritura de textos propios de situacións cotiás de relación social, de medios de comunicación e de textos para aprender e para informarse.
- Composición de textos propios de distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e estruturas, con diversas intencións comunicativas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para producir textos e presentacións e para transmitir información.
- Produción de textos escritos que conteñan elementos de coordinación e subordinación.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposicións, etc.
- Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns.
- Pronuncia coidada, ritmo, entoación e acentuación adecuados tanto na interacción e expresión oral como na recitación, dramatización ou lectura en voz alta.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas, estabelecemento das relacións analíticas grafía-son e coñecemento dalgunhas irregularidades relevantes.

- Utilización das estratexias básicas da produción de textos (elección do destinatario, propósito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos.
- Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas e utilización de soportes multimedia e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Iniciación en estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas.

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Valoración da lingua estranxeira como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como posibilidade de acceso a informacións novas e como instrumento para coñecer outras culturas e formas de vivir diferentes e enriquecedoras.
- Coñecer costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira, fomentando a tolerancia e o coñecemento doutras culturas a través do idioma.
- Identificación das normas e dos comportamentos propios de pobos e culturas que falan a lingua estranxeira.
- Uso apropiado de formulas lingüísticas (cortesía, acordo, discrepancias, etc.) asociadas a situacións concretas de comunicación.
- Coñecemento e valoración de elementos de trasfondo cultural propios dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Interese por propiciar encontros e intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de actitudes que axuden a valorar a cultura propia a partir do contraste con outras.
- Respecto cara aos falantes da lingua estranxeira con independencia da súa orixe, raza ou lingua materna, propiciando o achegamento e a eliminación de barreiras na comunicación.
- Valoración da importancia da lingua estranxeira como forma de acceder á comunicación con outras persoas que aprenden a mesma lingua estranxeira.
- Recoñecemento da presenza da lingua estranxeira nos novos sistemas de comunicación tecnolóxica e a súa utilidade para comunicarse con persoas de procedencias diversas.

OBXECTIVOS ACTITUDINAIS

BLOQUE 1- Escoitar, falar e conversar

- Valoración do inglés como unha lingua para comunicarse con outras persoas, e mostrar curiosidade e interese cara ás persoas e cara aos países que falan a lingua estranxeira.
- Participación activa e respectuosa nos intercambios comunicativos da aula.
- Disposición para superar as dificultades que xorden habitualmente na comunicación, utilizando as estratexias de comunicación das linguas que coñece.
- Interese por comprender e facerse comprender a través da lingua.
- Comparación sobre o funcionamento da lingua estranxeira a partir das linguas que coñece.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e valoración do papel que desempeñan para satisfacer as necesidades de comunicación.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e aprender.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

- Interese por utilizar a lingua estranxeira de forma correcta en situacións variadas de progresiva extensión atendendo á corrección e á adecuación das expresións.
- Interese por aprender vocabulario e estruturas e realizar as actividades que propón a unidade.
- Atención á corrección durante a aprendizaxe da lingua.
- Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e valoración do traballo cooperativo.
- Reflexión sobre a propia aprendizaxe, organización do traballo, aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, autocorrección e autoavaliación.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Valoración da cultura propia a partir do coñecemento e valoración doutras culturas.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.
- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Desenvolver de forma progresiva a sensibilidade crítica que permite desvelar os estereotipos sexistas, clasistas, racistas que a lingua comporta.
- Interese por estabelecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.

UNIT 1- MY FAMILY

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo á familia e aos amigos, así como ás partes do corpo.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos escritos tales como descricións de familiares e amigos, facendo fincapé na utilización das maiúsculas.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *verbo have got: affirmative, negative and interrogative*.
- Practicar a pronuncia do son /h/.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación co tema da familia.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 2- MY DAY

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado con hábitos diarios, días da semana e meses do ano.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos escritos tales como descricións de costumes e plans, facendo fincapé nos signos de puntuación.
- Aplicar aspectos tales como o *present simple affirmative*, os adverbios de frecuencia ou os pronomes e adxectivos posesivos.
- Practicar a pronuncia da desinencia da terceira persoa do singular.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación coas celebracións de distintos países.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 3- SPORT

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario deportivo, así como preposicións incluídas nas expresións temporais.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como entrevistas a deportistas, facendo fincapé nos suxeitos das frases.
- Traballar o *present simple negative and interrogative* e as partículas interrogativas.
- Practicar a entoación das oracións interrogativas.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre un tema universal: as Olimpíadas.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 4 – AROUND THE WORLD

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo ao tempo meteorolóxico, aos países e ás nacionalidades.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como mensaxes de correo electrónico, facendo fincapé na ortografía.
- Practicar aspectos gramaticais como o *present continuous*.
- Traballar o *present simple negative and interrogative* e as partículas interrogativas.
- Practicar a pronuncia da desinencia -ing (/IN/).
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación cos animais e coa súa contorna natural.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 5 – MY TOWN

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo aos edificios das cidades, así como a preposicións de lugar.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como descricións de contornas urbanas, facendo fincapé no uso de *and* e *but*.
- Practicar as formas verbais *there is / there are* e o imperativo.
- Practicar o acento na palabra.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural acerca do uso de diversos medios de transporte.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 6 – FOOD AND HEALTH

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo a alimentos e bebidos, así como ao plural dos substantivos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como as descricións dos hábitos alimenticios, facendo fincapé na revisión dos aspectos gramaticais.
- Aplicar aspectos gramaticais como os substantivos contábeis e incontábeis, *some* e *ane* e os pronomes indefinidos.
- Practicar o acento na frase.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación con temas como o da alimentación.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 7 –SCHOOL DAES

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo ás materias escolares e aos números ordinais.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como correos electrónicos, facendo fincapé na división en parágrafos.
- Practicar aspectos gramaticais como o *past simple* de *be* e *there was / there were.*
- Practicar as formas débiles /w@z/, /w@(r)/.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación cos centros de Secundaria.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 8 – IN THE PAST

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo ás partes da casa e das datas.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a descrición dunha civilización antiga, facendo fincapé na construción de adxectivo + substantivo.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *past simple affirmative* (verbos regulares e irregulares).
- Realizar unha reflexión acerca de momentos clave da historia das civilizacións.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 9 – HOLIDAYS

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo a pezas de roupa e adxectivos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como unha descrición de plans para as vacacións, facendo fincapé en termos de secuenciación.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *going to* e *must/mustn't.*
- Practicar o ritmo na frase.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación con lugares curiosos doutros países.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

MÍNIMOS ESIXIBLES 1º ESO

BLOQUE 1- Escoitar, falar e conversar

- Escoitar conversas sinxelas que fagan referencia á vida cotiá., completando información, decidindo se certas informacións son verdadeiras ou falsas e discriminando entre opcións.
- Poñer en práctica expresións de uso cotiá e diálogos sinxelos no contexto da vida diaria: dar e obter información persoal, intercambiar opinións sobre gustos e preferencias etc.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Ler textos curtos sobre temas de actualidade e interese para os alumnos e responder preguntas de comprensión e emparellar palabras cos seus significados.
- Redactar textos sinxelos con distintas finalidades: descripcións de persoas e lugares, experiencias persoais e hábitos, sempre utilizando os conectores axeitados máis básicos: and, because, but.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Pedir e dar información básica sobre os temas tratados utilizando o vocabulario dado.
- Presentarse
- Describir persoas, vilas e cidades
- Adquirir algo nun establecemento
- Expresar cantidades
- Dar órdenes

GRAMMAR	VOCABULARY
Revisión " Can" "To be" e "Have got"	Familia
Comparación de presentes	Números 1-100 e ordinais
Pasado Simple	Días e meses
Pasado Continuo	Asignaturas
"Have to" e cuantificadores("some/any", "much/many/a lot of)	Deportes maioritarios
Comparativo e superlativo	Adxectivos para descripcións
Present perfect+"for, "since" e "just"	Partes do corpo
Futuro con "will" e "to be going to"	Verbos para falar de actividades diarias
	Tempo atmosférico
	Comidas e bebidas
	Partes da casa
	Preposicións de lugar e tempo
	Paises
	Roupa

- Procedementos

Os alumnos deberán a levar a cabo actividades utilizando distintas estratexias: emparellar, completar, ordear etc.Estas estarán encamiñadas a que o alumno sexan capaces de inferir e poñer en práctica os contidos gramaticais e de vocabulario anteriormente relacionados

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

- Coñecer datos persoais doutras persoas do seu entorno, de distinta orixe, famosos etc.
- Estar ó día en temas de actualidade

PROCEDEMENTOS

- Lectura de textos de distinta tipoloxía: cancións, e exercicios que integren as catro destrezas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

1. Identificar a información global e específica en textos orais (conversas, exposicións breves e diálogos) sobre temas que lle resulten familiares ó alumno e en textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada (descritivos e narrativos), e ser capaz de predicir o significado dalgúns elementos a través do contexto.

2. Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas. Empregar unha linguaxe sinxela e incorporar expresións comúns nas relacións sociais.

3. Ler individualmente, cunha eficaz utilización do dicionario, textos con apoio visual e libros sinxelos para rapaces, demostrar a comprensión a través dunha tarefa específica e identificar a información relevante.

4. Representar papeis en situacións simuladas con personaxes, situacións e intencións comunicativas ben definidos, tendo en conta os seguintes parámetros: actos de palabra, morfosintaxe, fonética, ritmo, entoación, xestos.

5. Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns, utilizando os conectores e o léxico apropiados, e que sexan comprensibles para o lector. Prestaráselles atención ós pasos seguidos para mellorar a produción escrita.

II. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

1. Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), tanto a través de actividades contextualizadas sobre puntos concretos coma pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.

2. Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades, e aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa.

3. Usar termos lingüísticos básicos para referirse a elementos gramaticais, tanto nos procesos de uso coma de reflexión sobre eles.

4. Inferir o significado do léxico descoñecido a partir de elementos icónicos, do contexto, da similitude da lingua materna, e das linguas estranxeiras coñecidas.

5. Utilizar con propiedade o vocabulario, as fórmulas e as expresións dos temas tratados.

6. Respectar as normas de pronuncia, entoación e ritmo.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

1. Recoñecer elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos cos que se traballa, e identificar información cultural de tipo xeográfico, histórico, literario, etc.

2. Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación, ó interlocutor e á intencionalidade comunicativa, e distinguir con claridade os usos formais e informais da lingua estranxeira.

3. Mostrar aprecio por visións culturais distintas á propia e actitudes de respecto cara ós valores e comportamentos doutros pobos, e superar prexuízos e localismos.

4. Utilizar o coñecemento dos aspectos socioculturais que transmite a lingua estranxeira como contraste cos propios.

2º CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

UNIT 1: FRIENDS

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado con actividades e deportes.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como descricións de amigos íntimos, facendo fincapé nas maiúsculas e os signos de puntuación.
- Traballar aspectos gramaticais como o present simple, as partículas interrogativas, os adverbios de frecuencia e os pronomes obxecto.
- Practicar o acento na palabra.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación con países situados nos antípodas.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 2- MUSIC

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado con músicos, instrumentos musicais e pezas de roupa.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como correos electrónicos descritivos, facendo fincapé na orde nas palabras na construción das frases.
- Aplicar aspectos gramaticais como o present continuous, present continuous con valor de futuro e can/can't.
- Distinguir os sons /i/, /I/.
- Estabelecer unha comparación sociocultural sobre a música e sobre o baile de diversos países.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 3 - TELEVISION

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo a programas de televisión, así como adxectivos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como descricións de programas de televisión, facendo fincapé na utilización da conxunción because.
- Traballar os adxectivos en grao comparativo e superlativo.
- Practicar a pronuncia da vogal débil /@/.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre cuestións tales como a industria do cine.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 4: PEOPLE IN THE PAST

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo a profesións e lugares de traballo.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como biografías, facendo fincapé na utilización de notas para redactar un texto.
- Practicar aspectos gramaticais como o past simple e could/couldn't.
- Practicar a pronuncia da desinencia -ed de pasado.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación con lugares de interese das cidades.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 5: INCREDIBLE JOURNEYS

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo a medios de transporte, así como terminoloxía de viaxes.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a narración dunha viaxe, facendo fincapé en secuenciar feitos.
- Practicar as formas negativa e interrogativa do past simple, e as preposicións de movemento.
- Practicar a pronuncia dos sons /b/ e /v/.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural acerca do uso de diversos medios de transporte.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 6: MYSTERY

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo aos obxectos do fogar e ás partes da casa.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como narracións breves, utilizando a conxunción so.
- Aplicar aspectos gramaticais como o past continuous.
- Practicar as formas verbais débiles /w@z/, /w@(r)/.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación con feitos inexplicábeis.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 7: OUR WORLD

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionados coa natureza.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.

- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como folletos publicitarios, facendo fincapé na preparación previa á redacción dun texto.
- Practicar os substantivos contábeis e incontábeis, some e any, how much / how many e should/shouldn't.
- Practicar a entoación inglesa.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación coas cimas do mundo.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 8: GOING OUT

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado con lugares de interese e con alimentos e bebidas.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como correos electrónicos de felicitación, facendo fincapé na utilización de pronomes.
- Traballar as estruturas going to e must/mustn't.
- Realizar unha reflexión acerca dos hábitos de tempo libre dos mozos.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 9: THE FUTURE

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relativo ao mundo da informática.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como anuncios publicitarios, facendo fincapé na división dun texto en parágrafos.
- Aplicar aspectos gramaticais como will e o condicional de primeiro grao.
- Practicar a acentuación e o ritmo na frase.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural acerca da nosa contorna sideral, o Sistema Solar.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

MÍNIMOS ESIXIBLES 2º ESO

BLOQUE 1- Escoitar, falar e conversar

- Escoitar conversas sinxelas que fagan referencia á vida cotiá., completando información, decidindo se certas informacións son verdadeiras ou falsas e discriminando entre opcións.
- Poñer en práctica expresións de uso cotiá e diálogos sinxelos no contexto da vida diaria: dar e obter información persoal, intercambiar opinións sobre gustos e preferencias etc.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Ler textos curtos sobre temas de actualidade e interese para os alumnos e responder preguntas de comprensión e emparellar palabras cos seus significados.
- Redactar textos sinxelos con distintas finalidades: descripcións de persoas e lugares, experiencias persoais e hábitos, sempre utilizando os conectores axeitados máis básicos: and, because, but.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

CONCEPTOS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar das cousas que nos gustan e non nos gustan
- Describir as persoas
- Expresar opinións
- Falar acerca dos hábitos de tempo libre e fin de semana
- Dar indicacións para chegar a un lugar
- Dar e pedir permiso para facer cousas
- Formular suxestións.
- Dar e pedir consellos
- Falar do pasado.
- Realizar predicións de futuro

GRAMMAR	VOCABULARY
" Can" "must"	Música
Comparación de presentes	Traballos e rutinas
Pasado Simple	Medios de transporte
Preposicións de movemento	A casa
Substantivos contábeis e incontabéis e cuantificadores("some/any", "much/many/a lot of)	A natureza
Comparativo e superlativo	Actividades de ocio
Present perfect+"for, "since" e "just"	Alimentos
Futuro con "will" e "to be going to"	Novas tecnoloxías
Condicional de primer grao	

- Procedementos

Os alumnos deberán a levar a cabo actividades utilizando distintas estratexias: emparellar, completar, ordear etc.Estas estarán encamiñadas a que o alumno sexan capaces de inferir e poñer en práctica os contidos gramaticais e de vocabulario anteriormente relacionados

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

CONCEPTOS

- Coñecer datos persoais doutras persoas do seu entorno, de distinta orixe, famosos etc.
- Estar ó día en temas de actualidade

PROCEDEMENTOS

- Lectura de textos de distinta tipoloxía: cancións, e exercicios que integren as catro destrezas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

I. HABILIDADES COMUNICATIVAS

1. Identificar a información global e específica en textos orais (conversas, exposicións breves e diálogos) sobre temas que lle resulten familiares ó alumno e en textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada (descritivos e narrativos), e ser capaz de predicir o significado dalgúns elementos a través do contexto.

2. Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas. Empregar unha linguaxe sinxela e incorporar expresións comúns nas relacións sociais.

3. Ler individualmente, cunha eficaz utilización do dicionario, textos con apoio visual e libros sinxelos para rapaces, demostrar a comprensión a través dunha tarefa específica e identificar a información relevante.

4. Representar papeis en situacións simuladas con personaxes, situacións e intencións comunicativas ben definidos, tendo en conta os seguintes parámetros: actos de palabra, morfosintaxe, fonética, ritmo, entoación, xestos.

5. Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns, utilizando os conectores e o léxico apropiados, e que sexan comprensibles para o lector. Prestaráselles atención ós pasos seguidos para mellorar a produción escrita.

II. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

1. Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), tanto a través de actividades contextualizadas sobre puntos concretos coma pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.

2. Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades, e aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa.

3. Usar termos lingüísticos básicos para referirse a elementos gramaticais, tanto nos procesos de uso coma de reflexión sobre eles.

4. Inferir o significado do léxico descoñecido a partir de elementos icónicos, do contexto, da similitude da lingua materna, e das linguas estranxeiras coñecidas.

5. Utilizar con propiedade o vocabulario, as fórmulas e as expresións dos temas tratados.

6. Respectar as normas de pronuncia, entoación e ritmo.

III. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS

1. Recoñecer elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos cos que se traballa, e identificar información cultural de tipo xeográfico, histórico, literario, etc.

2. Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación, ó interlocutor e á intencionalidade comunicativa, e distinguir con claridade os usos formais e informais da lingua estranxeira.

3. Mostrar aprecio por visións culturais distintas á propia e actitudes de respecto cara ós valores e comportamentos doutros pobos, e superar prexuízos e localismos.

4. Utilizar o coñecemento dos aspectos socioculturais que transmite a lingua estranxeira como contraste cos propios.

PROGRAMACIÓN

3º CURSO DE

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

OBXECTIVOS XERAIS DE CONTIDO

BLOQUE 1- Escoitar, falar e conversar

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- Escoita e comprensión de información xeral e específica de mensaxes cara a cara sobre temas concretos e coñecidos.
- Escoita e comprensión de mensaxes sinxelas emitidas polos medios audiovisuais pronunciados con lentitude e claridade.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da intención do falante.
- Produción oral de descricións, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.
- Participación en conversas e simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos.
- Emprego de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.
- Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais e propias da conversa en actividades de comunicación reais e simuladas.
- Uso progresivamente autónomo no uso de estratexias de comunicación para iniciar, manter e terminar á interacción, así como para resolver as dificultades durante esta.
- Produción de textos orais que conteñan elementos de coordinación e subordinación.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Identificación do tema e do contido dun texto escrito co apoio de elementos verbais e non verbais.
- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel e dixital, auténticos, sobre temas cotiás de interese xeral e relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación da intención do emisor da mensaxe.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais ou en grupo.
- Uso de diferentes estratexias de lectura, con axuda de elementos textuais e non textuais, usos do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados.
- Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Reflexión sobre o proceso de escritura con especial atención á revisión de borradores.
- Uso progresivamente autónomo do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto (formal e informal).
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso adecuado da ortografía e dos diferentes signos de puntuación.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso
Coñecementos lingüísticos

- Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiás e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación de antónimos, "falsos amigos", e palabras con prefixos e sufixos máis habituais.
- Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Valoración da lingua estranxeira como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como posibilidade de acceso a informacións novas e como instrumento para coñecer outras culturas e formas de vivir diferentes e enriquecedoras.
- Coñecer costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira, fomentando a tolerancia e o coñecemento doutras culturas a través do idioma.
- Identificación das normas e dos comportamentos propios de pobos e culturas que falan a lingua estranxeira.
- Uso apropiado de formulas lingüísticas (cortesía, acordo, discrepancias, etc.) asociadas a situacións concretas de comunicación.
- Coñecemento e valoración de elementos de trasfondo cultural propios dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Interese por propiciar encontros e intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de actitudes que axuden a valorar a cultura propia a partir do contraste con outras.
- Respecto cara aos falantes da lingua estranxeira con independencia da súa orixe, raza ou lingua materna, propiciando o acercamento e a eliminación de barreiras na comunicación.
- Valoración da importancia da lingua estranxeira como forma de acceder á comunicación con outras persoas que aprenden a mesma lingua estranxeira.
- Recoñecemento da presenza da lingua estranxeira nos novos sistemas de comunicación tecnolóxica e a súa utilidade para comunicarse con persoas de procedencias diversas.

OBXECTIVOS ACTITUDINAIS

BLOQUE 1- Escoitar, falar e conversar

- Valoración do inglés como unha lingua para comunicarse con outras persoas, e mostrar curiosidade e interese cara ás persoas e cara aos países que falan a lingua estranxeira.
- Participación activa e respectuosa nos intercambios comunicativos da aula.
- Disposición para superar as dificultades que xorden habitualmente na comunicación, utilizando as estratexias de comunicación das linguas que coñece.
- Interese por comprender e facerse comprender a través da lingua.
- Comparación sobre o funcionamento da lingua estranxeira a partir das linguas que coñece.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos e valoración do papel que desempeñan para satisfacer as necesidades de comunicación.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e aprender.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

- Interese por utilizar a lingua estranxeira de forma correcta en situacións variadas de progresiva extensión atendendo á corrección e á adecuación das expresións.
- Interese por aprender vocabulario e estruturas e realizar as actividades que propón a unidade.
- Atención á corrección durante a aprendizaxe da lingua.
- Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e valoración do traballo cooperativo.
- Reflexión sobre a propia aprendizaxe, organización do traballo, aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, autocorrección e autoavaliación.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

- Valoración da cultura propia a partir do coñecemento e valoración doutras culturas.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.
- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Desenvolver de forma progresiva a sensibilidade crítica que permite desvelar os estereotipos sexistas, clasistas, racistas que a lingua comporta.

Interese por estabelecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.

INTRODUCTION

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Repasar vocabulario aprendido anteriormente.
- Escoitar e entender textos orais e escritos de distintas características e estilos.
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e estruturas traballadas na unidade.
- Producir textos orais acerca do intercambio de información persoal.
- Aplicar aspectos gramaticais como os verbos *be* e *have got*, o presente simple, o presente continuo e o auxiliar *can*.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación co tema do grupo de iguais.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 1: TIME OUT

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado con afeccións e *hobbies*.
- Escoitar e entender textos orais e escritos de distintas características e estilos.
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e estruturas traballadas na unidade.
- Producir textos escritos tales como unha autodescrición,
- Aplicar aspectos gramaticais como o *present simple*.
- Practicar a pronuncia da acentuación nas palabras.
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación co gozo do ocio e do tempo libre.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 2- HIGHS AND LOWS

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar adxectivos para expresar estados de ánimo.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos sobre as vacacións.
- Traballar a estrutura verbo + nome, o auxiliar *could*, o *Past simple* e as formas *was/were* do verbo *be*.
- Practicar a pronuncia do pasado dos verbos regulares.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre o tema das relacións persoais.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 3: CRIME SCENE

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado con nomes de comercios e palabras compostas.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como un interrogatorio policial.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *past continuous* e os adverbios.
- Practicar a pronuncia da desinencia dos sons /eə/ e /ɜ:/

- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación coa delincuencia.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 4:HOUSE AND HOME

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado coas faenas domésticas.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a descrición dun cuarto de durmir.
- Traballar o verbo *have to*, contábeis e incontábeis.
- Practicar a entoación do acento na frase.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre un tema universal: as falsas aparencias.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 5: WHAT ARE YOU LIKE?

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado coa personalidade.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a descrición da personalidade de alguén.
- Aplicar aspectos gramaticais como o comparativo e superlativo.
- Practicar a pronuncia dos sons /ʌ/ e /œ/
- Estabelecer unha comparación sociocultural en relación coas celebracións de distintos países.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 6: LIVING DANGEROUSLY

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario de actividades deportivas de risco.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como o relato dunha experiencia persoal.
- Traballar o *present perfect*.
- Practicar a pronuncia das contraccións do *present perfect*.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre un tema universal: as Olimpíadas.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 7: FAME!

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado co cine.

- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a biografía dun personaxe famoso.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *present perfect* con *for* e *since.*
- Practicar a entoación das oracións interrogativas.
- Estabelecer unha comparación sociocultural co tema do éxito e da fama.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 8: A BRIGHT FUTURE?

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado cos verbos de acción.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a realización de predicións de futuro.
- Traballar o futuro e as oracións condicionais.
- Practicar a pronuncia do son /əʊ/.
- Estabelecer unha reflexión sociocultural sobre un tema universal: o compromiso.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

UNIT 9: DELICIOUS

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E CONTIDO

- Utilizar vocabulario relacionado cos alimentos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como un cuestionario sobre hábitos alimentarios.
- Aplicar aspectos gramaticais como a voz pasiva.
- Practicar a pronuncia do ritmo na frase.
- Estabelecer unha comparación sociocultural sobre a composición do Reino Unido.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

MÍNIMOS ESIXIBLES 3º ESO

BLOQUE 1- Escoitar, falar e conversar

- Escoitar conversas sinxelas que fagan referencia á vida cotiá., completando información, decidindo se certas informacións son verdadeiras ou falsas e discriminando entre opcións.
- Poñer en práctica expresións de uso cotiá e diálogos sinxelos no contexto da vida diaria: dar e obter información persoal, intercambiar opinións sobre gustos e preferencias etc.

BLOQUE 2- Ler e escribir

- Ler textos curtos sobre temas de actualidade e interese para os alumnos e responder preguntas de comprensión e emparellar palabras cos seus significados.
- Redactar textos sinxelos con distintas finalidades: descripcións de persoas e lugares, experiencias persoais e hábitos, sempre utilizando os conectores axeitados máis básicos: and, because, but.

BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso

- Vocabulario relacionado con actividades de lecer e de tempo libre, viaxes e vacacións.
- Fórmulas lingüísticas para pedir información, a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Nomes compostos.
- *Phrasal verbs*.
- Expresións idiomáticas.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- *Vocabulary Builder:* técnicas para ampliar vocabulario; **used to** e **would** + infinitivo.
- Información cultural e intercurricular: as pontes ou vacacións nacionais.

Grammar

- Expresión de accións pasadas: *Past Simple, Past Continuous, Past Perfect Simple*. Uso e formación. Expresións temporais.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 3 - *Sport*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado cos deportes.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre un novo deporte: o *Parkour.*
- Utilizar correctamente o *Present Perfect Simple*.
- Redactar unha biografía, empregando correctamente os conectores de secuencia.
- Comprender a información global e a específica dunha entrevista.
- Comprar entradas e expresarse nunha entrevista.
- Pronunciar correctamente os sons vocálicos /i:/ e /I/ e practicar a acentuación das oracións.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado cos deportes.
- *Collocations* con **go, play** e **do**.
- Fórmulas lingüísticas para comprar entradas, a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Expresións idiomáticas.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; uso adecuado de xerundios e infinitivos.
- Información cultural e intercurricular: o deporte máis visto e o máis practicado no Reino Unido.

Grammar

- Expresión de accións pasadas: *Present Perfect Simple*. Uso e formación. Expresións temporais.
- Contraste entre o *Past Simple* e o *Present Perfect Simple.*
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 4 - *The Environment*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado co medio ambiente e a ecoloxía.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre novas propostas e solucións ecolóxicas.
- Utilizar correctamente os tempos de futuro.
- Redactar unha descrición dun lugar, empregando adxectivos descritivos.
- Comprender a información global e a específica dun programa de radio.
- Pedir e dar indicacións e comparar fotografías.
- Pronunciar correctamente os sons consonánticos / ∫ /, /t ∫ / e /dz /.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado co medio ambiente e a ecoloxía.
- Lectura e realización dunha enquisa sobre o medio ambiente.
- Fórmulas lingüísticas para pedir e dar indicacións, a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Prefixos para formar palabras.
- Expresións idiomáticas.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; as estruturas **want** + infinitivo e **want** + obxecto + infinitivo.
- Información cultural e intercurricular: o significado dun logo que contén pegadas de carbono; a cantidade de lixo que se produce ao ano en Londres.

Grammar

- Expresión de accións futuras: *Future Simple*, **be going to**, *Future Continuous* e *Future Perfect Simple*. Uso e formación. Expresións temporais.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *Tip*: repaso do *Present Continuous* para indicar un futuro próximo.

UNIT 5 - *Communication*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coa comunicación.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o *Globish.*
- Utilizar correctamente as oracións de relativo especificativas e explicativas.

- Redactar un texto de opinión, empregando correctamente as conxuncións.
- Comprender a información global e a específica dunha enquisa.
- Manter conversacións telefónicas e expresar opinións.
- Pronunciar correctamente as palabras tendo en conta a súa acentuación.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary
- Vocabulario relacionado coa comunicación.
- Fórmulas lingüísticas para manter conversacións telefónicas, a través da sección *Bridge to Everyday Language*.
- *Phrasal verbs.*
- *Collocations.*
- Expresións idiomáticas.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; verbos que rexen unha ou varias preposicións.
- Información cultural e intercurricular: o fenómeno dos tons de chamada; significado dalgunhas palabras en Esperanto.

Grammar
- As oracións especificativas e explicativas. Os pronomes relativos e os adverbios.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 6 - *Culture and Customs*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coa cultura e os costumes doutros países.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto que fala da decisión tomada polo presidente Peruano para promover a puntualidade entre os habitantes do país.
- Utilizar correctamente os verbos modais en diferentes tempos.
- Redactar un texto informativo, empregando correctamente as conxuncións causais e consecutivas.
- Comprender a información global e a específica dunha conversación.
- Expresar gustos e preferencias e dar consellos.
- Pronunciar correctamente palabras que conteñen letras mudas. Formas contraídas.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coa cultura e os costumes doutros países.
- Fórmulas lingüísticas para falar do que lles gusta ou non lles gusta facer, a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Lectura e realización dunha enquisa que lles permitirá ampliar os seus coñecementos sobre continentes, nacionalidades e idiomas oficiais.
- Sufixos para formar adxectivos.
- Expresións idiomáticas.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; **be used to / get used to**.
- Información cultural e intercurricular: curiosidades dalgúns países de fala inglesa; capitais europeas da cultura.

Grammar

- Revisión e ampliación dos modais.
- Os modais perfectos.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 7 - *Technology*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coa tecnoloxía e os avances tecnolóxicos.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o mundo virtual en 3D *Second Life.*
- Utilizar correctamente os tres tipos de oracións condicionais e as oracións temporais. Uso e formación.
- Redactar un texto argumentativo, empregando conxuncións de contraste.
- Comprender a información global e a específica dun programa de radio.
- Pedir axuda e falar sobre unha fotografía.
- Pronunciar correctamente os sons vocálicos similares aos contidos en **solve, although** e **order** e practicar o ritmo da oración.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coa tecnoloxía e os avances tecnolóxicos.
- Fórmulas lingüísticas para pedir axuda, a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- *Phrasal verbs*.
- Expresións idiomáticas.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.

- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; palabras que se confunden facilmente.
- Información cultural e intercurricular: o GPS; *Google.*

Grammar
- Expresión de hipóteses en presente e en pasado: o primeiro, o segundo e o terceiro condicional.
- Uso correcto das oracións temporais.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 8 - *Film*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado co cine e os xéneros cinematográficos.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha crítica cinematográfica.
- Utilizar correctamente a voz pasiva.
- Utilizar correctamente os verbos causativos (**have / get + something + done)**.
- Redactar unha crítica cinematográfica, empregando conectores de finalidade.
- Comprender a información global e a específica dunha conversación na que se fala dunha película.
- Facer suxestións, describir unha película e falar sobre ela.
- Pronunciar correctamente as formas débiles e practicar a entoación.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary
- Vocabulario relacionado co cine e os xéneros cinematográficos.
- Fórmulas lingüísticas para facer suxestións, a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Sufixos para formar adxectivos.
- Expresións idiomáticas.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; adxectivos seguidos de preposición.
- Información cultural e intercurricular: datos sobre o cine.

Grammar
- Utilización adecuada da voz pasiva. Diferenzas coa voz activa.

- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 9 - *The News*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado cos medios de comunicación informativos.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o novo modo de traballar por parte dos medios de comunicación informativos, co fin de conseguir as noticias.
- Utilizar correctamente o estilo indirecto.
- Redactar unha noticia xornalística, empregando todas as técnicas aprendidas durante o curso.
- Comprender a información global e a específica dunha noticia radiofónica.
- Preguntar por información específica e explicar o que se dixo nunha noticia.
- Pronunciar correctamente os sons /s/ e /z/ e practicar a acentuación nas palabras compostas.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary
- Vocabulario relacionado cos medios de comunicación informativos.
- Fórmulas lingüísticas para preguntar por información específica, a través da sección *Bridge to Everyday Language*.
- Sufixos para formar substantivos.
- Expresións idiomáticas.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica, a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; os xerundios.
- Información cultural e intercurricular: datos sobre os xornais máis lidos; a BBC.

Grammar
- Relato do que outra persoa preguntou, respondeu ou suxeriu, utilizando o estilo indirecto. Uso e formación.
- Os **reporting verbs**.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O método elidido, Bridges *for Bacharelato 1* ten en conta a diversidade existente nas aulas en canto ao nivel de coñecementos e ao grao de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos/as, proporciónandolle abundante axuda a través das actividades do *Student's Book*

e do *Workbook*, das valiosas suxestións no *Teacher's Manual* e no material extra fotocopiábel.

No *Student's Book* e do *Workbook* ao incluír un repaso continuo de estruturas e de vocabulario. Ambos os dous ofrecen tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as. Por outra banda, o *Teacher's All-in-One Pack* inclúe amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e á vez, material de ampliación para os de nivel máis avanzado para adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a.

Incluensen táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática punto por punto, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe ofrécense varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

No *Workbook* presentansen diversos tipos de reforzo individualizado: táboas, encrucillados e exercicios para os alumnos/as máis analíticos, e moita e variada práctica para os máis impulsivos.

Materiais:

- un pre-test para diagnosticar as necesidades dos alumnos/as e catro páxinas con exercicios de repaso para poder elixir o material fotocopiábel adecuado a cada un
- un test por cada unidade e outro por cada trimestre, todos en dous niveis de dificultade
- follas de traballo sobre cada unidade do *Student's Book,* en dous niveis de dificultade (***Reinforcefement*** e ***More Practice***)
- páxinas extra de comprensión oral con preguntas de opción múltiple (as gravacións atópanse nos Class Audio CD)
- follas extra de *speaking*, para que practiquen a expresión oral
- páxinas extra de *writing*, para que repasen e practiquen o vocabulario, as estruturas e a redacción dos tipos de texto que aprenderon ao longo do curso

Por outra banda, o *Student's Activity Multirom* ofrece actividades interactivas de gramática e de vocabulario, *listenings* adicionais con exercicios de comprensión oral do *Workbook*, para que os alumnos/as con maiores dificultades de aprendizaxe poidan reforzar os seus coñecementos na casa e os máis avantaxados os poidan ampliar.

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

1. Comprender a idea principal e identificar detalles relevantes de mensaxes orais, emitidas en situacións comunicativas cara a cara ou polos medios de comunicación, sobre temas coñecidos, actuais ou xerais, relacionados cos seus estudos e intereses ou con aspectos socioculturais asociados á lingua estranxeira, sempre que estean articulados con claridade, en lingua estándar e que o desenvolvemento do discurso se facilite con marcadores explícitos.

   Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender e interpretar a información sobre temas concretos e máis abstractos, transmitida por falantes con diferentes acentos, tendo en conta aspectos tales como o rexistro utilizado, o propósito e a actitude do falante, etc. Así mesmo, avalía a capacidade de entender as ideas principais e as específicas, previamente requiridas de textos orais máis extensos, emitidos polos medios de comunicación, sempre que se fale claro, en lingua estándar, que a mensaxe estea estruturada con claridade e se utilicen marcadores explícitos.

2. Expresarse con fluidez e con pronunciación e entoación adecuadas, en conversacións improvisadas, narracións, argumentacións, debates e exposicións previamente preparados, utilizando as estratexias de comunicación necesarias e o tipo de discurso adecuado á situación.

   Trátase de avaliar a capacidade para organizar e expresar as ideas con claridade, sobre temas previamente preparados, para realizar descricións e presentacións claras, sobre unha variedade de temas coñecidos, relatar feitos reais ou imaxinarios, argumentos de libros ou películas, describindo sentimentos e reaccións. Valorarase tamén a capacidade para reaccionar adecuadamente, mostrando unha actitude respectuosa na interacción e colaborar na continuación do discurso, cun rexistro apropiado á situación e ao propósito da comunicación.

3. Comprender de forma autónoma a información contida en textos escritos procedentes de diversas fontes: correspondencia, páxinas web, xornais, revistas, literatura e libros de divulgación, referidos á actualidade, á cultura, ou relacionados cos seus intereses ou cos seus estudos, presentes ou futuros.

   Preténdese avaliar a capacidade para comprender a información relevante, distinguir as ideas principais das secundarias, e identificar a información requirida en textos escritos auténticos, de interese xeral e de divulgación, que ofrezan suficiente precisión e detalle como para poder analizar criticamente a devandita información, aplicando as estratexias necesarias para a realización dunha tarefa e captando significados implícitos, posturas e puntos de vista. Este criterio avalía, ademais, a capacidade para utilizar de forma autónoma recursos dixitais, informáticos e bibliográficos co fin de buscar, comparar e contrastar informacións e solucionar problemas de comprensión.

4. Escribir textos claros e detallados con diferentes propósitos, que teñan a corrección formal, a cohesión, a coherencia e o rexistro adecuados, valorando a importancia de planificar e de revisar o texto.

   Con este criterio preténdese avaliar a redacción de textos cunha organización clara e enlazando as oracións, seguindo secuencias lineais cohesionadas. Tamén se valorará o interese en planificar os textos e en revisalos, realizando versións sucesivas ata chegar á versión final, con respecto ás normas ortográficas e tipográficas. Así mesmo, avaliarase se os textos definitivos amosan a capacidade para planificar e redactar con suficiente autonomía, axudándose do material de consulta pertinente, e se se sintetiza e se avalía información procedente de varias fontes, sempre que sexa sobre temas coñecidos.

5. Utilizar de forma consciente os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autoavaliación e de autocorrección que reforcen a autonomía na aprendizaxe.

   Con este criterio avalíase se alumnos e alumnas manexan as estruturas gramaticais que expresan maior grao de madurez sintáctica, se valoran a efectividade das regras que coñecen, a partir de procesos indutivo/dedutivos e se son capaces de modificalas cando é necesario. Tamén se valora a ampliación de léxico máis especializado, o perfeccionamento de trazos fonolóxicos, a ortografía, así como a análise e a reflexión sobre os distintos compoñentes da competencia comunicativa que facilitan a comunicación. Ademais, avalíase a capacidade para valorar o seu proceso de aprendizaxe e para corrixir ou rectificar as súas propias producións, tanto orais coma escritas e as dos seus propios compañeiros.

6. Identificar, poñer exemplos e utilizar de xeito espontáneo e autónomo as estratexias de aprendizaxe adquiridas e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para avaliar e identificar as súas habilidades lingüísticas.

   Este criterio pretende avaliar a capacidade de aplicar a novas situacións as estratexias e destrezas coñecidas e de reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe. Valora tamén o propio papel na construción de aprendizaxes mediante a toma de decisións, a observación, a formulación e o reaxuste de hipóteses e a avaliación dos progresos co máximo de autonomía. Avalía igualmente a capacidade de usar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de comunicación internacional e de aprendizaxe autónoma e a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra dela. Así mesmo, preténdese que se identifique o que se sabe facer coa lingua estranxeira, é dicir, as habilidades lingüísticas que se posúen, reforzando a confianza en si mesmos.

7. Analizar, a través de documentos auténticos, en soporte papel, dixital ou audiovisual, aspectos xeográficos, históricos, artísticos, literarios e sociais relevantes dos países cuxa lingua se aprende, afondando no coñecemento desde a óptica enriquecida polas diferentes linguas e culturas que o alumnado coñece.

Este criterio avalía os coñecementos culturais que se teñen dos países onde se fala a lingua estranxeira e a capacidade para identificar e analizar algúns trazos específicos, característicos destes contextos, achegándose á diversidade social e cultural e diferenciando entre os grupos dunha mesma comunidade lingüística e entre membros de culturas diferentes.

Todas as unidades de *Bridges for Bacharelato1* contemplan os sete criterios de avaliación que estabelece a lei vixente.

PROGRAMACIÓN

2º BAC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Obxectivos de área

O ensino da Lingua estranxeira no bacharelato terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Expresarse e interactuar oralmente de forma espontánea, comprensíbel e respectuosa, con fluidez e precisión, utilizando estratexias adecuadas ás situacións de comunicación.

2. Comprender a información global e a específica de textos orais e seguir o argumento de temas actuais emitidos en contextos comunicativos habituais e polos medios de comunicación.

3. Escribir diversos tipos de textos de forma clara e ben estruturados, nun estilo adecuado aos lectores aos que van dirixidos e á intención comunicativa.

4. Comprender diversos tipos de textos escritos, de temática xeral e específica, e interpretalos criticamente utilizando estratexias de comprensión adecuadas ás tarefas requiridas, identificando os elementos esenciais do texto e captando a súa función e organización discursiva.

5. Ler de forma autónoma textos con fins diversos adecuados aos seus intereses e necesidades, valorando a lectura como fonte de información, pracer e lecer.

6. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para falar e escribir de forma adecuada, coherente e correcta, para comprender textos orais e escritos, e reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira en situacións de comunicación.

7. Adquirir e desenvolver estratexias de aprendizaxe diversas, empregando todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, co fin de utilizar a lingua estranxeira de forma autónoma e para seguir progresando na súa aprendizaxe.

8. Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais da lingua estranxeira para comprender e interpretar mellor culturas distintas á propia e a lingua obxecto de aprendizaxe.

9. Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a importancia que ten como medio de comunicación e de entendemento internacional nun mundo multicultural, tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre as distintas culturas.

10. Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira, con actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade neste proceso.

Contidos xerais

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR:

Escoitar e comprender:
- Comprensión do significado xeral e específico de conferencias e discursos sobre temas concretos e con certa abstracción dentro do campo de interese xeral e académico do alumnado.
- Comprensión xeral e específica de mensaxes transmitidas polos medios de comunicación e emitidas tanto en lingua estándar coma por falantes con diferentes acentos.
- Comprensión da comunicación interpersoal sobre temas de uso cotián, de interese xeral e temas abstractos, co fin de contestar no momento.
- Utilización de estratexias para comprender e inferir significados non explícitos, para captar as ideas principais ou para comprobar a comprensión usando claves contextuais en textos orais sobre temas diversos.
- Toma de conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, sen necesidade de entender todos e cada un dos elementos da mesma.

Falar e conversar:
- Planificación do que se quere dicir e de como expresalo, usando recursos variados para facilitar a comunicación e mecanismos para dar coherencia e cohesión ao discurso.
- Produción oral de mensaxes diversas sobre asuntos relacionados cos seus intereses e presentacións preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, con razoábel corrección gramatical e unha adecuada pronuncia, ritmo e entoación.
- Expresión de puntos de vista sobre un tema coñecido, participación en discusións e debates sobre temas actuais, ofrecendo información detallada, utilizando exemplos adecuados, defendendo os seus puntos de vista con claridade e mostrando unha actitude respectuosa e crítica ante as contribucións alleas.
- Participación en conversacións con certo grao de fluidez, naturalidade e precisión, sobre temas variados, utilizando estratexias para participar e manter a interacción e para negociar significados.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR:

Comprensión de textos escritos:
- Predición de información a partir de elementos textuais e non textuais en textos escritos sobre temas diversos.
- Comprensión de información xeral, específica e detallada en xéneros textuais diversos, referidos a unha variedade de temas.
- Identificación do propósito comunicativo, dos elementos textuais e paratextuais e da forma de organizar a información, distinguindo as partes do texto.
- Comprensión de sentidos implícitos, posturas ou puntos de vista en artigos e informes referidos a temas concretos de actualidade.
- Lectura autónoma de textos extensos e diversos relacionados cos seus intereses académicos, persoais e profesionais futuros, utilizando distintas estratexias de lectura segundo o texto e a finalidade que se persiga e apreciando este tipo de lectura como forma de obter información, ampliar coñecementos e pasalo ben.

Composición de textos escritos:
- Planificación do proceso de elaboración dun texto, utilizando mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.
- Redacción de textos de certa complexidade sobre temas persoais, actuais e de interese académico, con claridade, razoábel corrección gramatical e adecuación léxica ao tema, utilizando o rexistro apropiado e, no seu caso, os elementos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión.
- Interese pola produción de textos escritos comprensíbeis, atendendo a diferentes necesidades e intencións.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA:

Coñecementos lingüísticos:
- Ampliación do campo semántico e léxico sobre temas xerais de interese para o alumnado e relacionados con outras materias de currículo.
- Formación de palabras a partir de prefixos, sufixos e palabras compostas.
- Revisión e ampliación das estruturas gramaticais e funcións principais adecuadas a distintos tipos de texto e intencións comunicativas.
- Uso do alfabeto fonético para mellorar a súa pronuncia de forma autónoma.
- Produción e interpretación de diferentes patróns de acentuación, ritmo e entoación necesarios para a expresión e comprensión de distintas actitudes e sentimentos.

Reflexión sobre a aprendizaxe:
- Recoñecemento das variedades de uso da lingua: diferenzas entre a linguaxe formal e informal, falada e escrita.
- Uso autónomo de recursos diversos para a aprendizaxe: dixitais e bibliográficos.
- Aplicación de estratexias para revisar, ampliar e consolidar o léxico e as estruturas lingüísticas.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes estruturas gramaticais mediante comparación e contraste coas súas propias.
- Reflexión e aplicación de estratexias de autocorrección e de autoavaliación para progresar na aprendizaxe autónoma da lingua. Recoñecemento do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe tanto dentro coma fóra da aula, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Valoración da confianza, da iniciativa e da cooperación para a aprendizaxe de linguas.

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL:

- Coñecemento e valoración dos elementos culturais máis relevantes.
- Reflexión sobre as similitudes e as diferenzas significativas entre costumes, comportamentos, actitudes, valores ou crenzas que prevalecen entre falantes da lingua estranxeira e da propia.
- Uso de rexistros adecuados ao contexto, ao interlocutor e á intención comunicativa, á canle de comunicación, ao soporte, etc.
- Interese por estabelecer intercambios comunicativos e por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Valoración da lingua estranxeira como medio de comunicación e de entendemento entre

pobos, facilitador do acceso a outras culturas, a outras linguas e como enriquecemento persoal.
- Recoñecemento da importancia da lingua estranxeira como medio para acceder a coñecementos que resulten de interese para o futuro académico e profesional do alumno.

Secuencia das unidades didácticas

A continuación detállanse os contidos desenvolvidos en cada unidade de *Bridges for Bacharelato 2*. Os temas transversais implícitos nos obxectivos xerais de Bacharelato quedan reflectidos nas unidades do libro.

UNIT 1 - *Health*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coa alimentación e a saúde.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre unha persoa con sobrepeso que se enfrontou ao reto de cruzar Estados Unidos de costa a costa.
- Utilizar correctamente o *Present Perfect Simple*, o *Present Perfect Continuous*, o *Past Perfect Simple*, o *Past Perfect Continuous* e o *Future Perfect Simple*.
- Redactar un texto de opinión sobre o tipo de comida que se debería servir nas cafeterías, empregando correctamente as conxuncións causais e consecutivas.
- Comprender a información global e a específica dun programa de radio.
- Pedir comida nun restaurante e expresar opinións.
- Recoñecer o alfabeto fonético inglés e pronunciar, atendendo á entoación, palabras que inclúan sons vocálicos e consonánticos difíciles e frases.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coa alimentación e a saúde.
- Lectura e realización dun cuestionario sobre os coñecementos que teñen sobre alimentación.
- Fórmulas lingüísticas para pedir comida nun restaurante a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- *Collocations*.
- Prefixos para formar novas palabras.
- Expresións idiomáticas.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica a través da expresión oral na sección *Bridge to Speaking*.
- Información cultural e intercurricular: alimentos que son pouco comúns e a importancia de ter unha boa alimentación.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; o xerundio e o infinitivo.

Grammar

- Expresión de accións pasadas con distintas referencias temporais a través do *Present Perfect Simple, Present Perfect Continuous, Past Perfect Simple e Past Perfect Continuous.* Uso e formación. Expresións temporais.

- Expresión de accións futuras co *Future Perfect Simple*. Uso e formación. Expresións temporais.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 2 -*Jobs*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado co emprego.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre un estudante norteamericano de 18 anos que se converteu en alcalde da súa vila.
- Utilizar correctamente o estilo indirecto.
- Redactar unha carta para solicitar un traballo, empregando adecuadamente as conxuncións de finalidade.
- Comprender a información global e a específica dunha entrevista de traballo realizada por teléfono.
- Pedir información e facer unha entrevista de traballo.
- Pronunciar correctamente palabras que conteñen tritongos e identificar a sílaba acentuada en cada palabra.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado co emprego.
- Fórmulas lingüísticas para pedir información a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Palabras que se confunden con facilidade.
- Sufixos para formar substantivos e adxectivos.
- Expresións idiomáticas.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica a través da expresión oral na sección *Bridge to Speaking*.
- Información cultural e intercurricular: as profesións máis afectadas pola tensión.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; verbos seguidos de preposición.

Grammar

- Relato do que outra persoa preguntou, respondeu ou suxeriu, utilizando o estilo indirecto. Uso e formación.
- Os *reporting verbs*.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 3 - *Shopping*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coas compras.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre a venda de agasallos non desexados a través dunha páxina web.
- Utilizar correctamente a voz pasiva.
- Utilizar correctamente os verbos causativos (**have / get + something + done**).
- Redactar un resumo utilizando adecuadamente a técnica da paráfrase.
- Comprender a información global e a específica de varias conversacións informais.
- Realizar compras e mostrar acordo e desacordo.
- Pronunciar correctamente as formas débiles.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coas compras.
- Fórmulas lingüísticas que se utilizan para realizar compras, a través da sección *Bridge to Everyday Language*.
- *Phrasal verbs.*
- Expresións idiomáticas.
- Diferenzas entre o inglés británico e o americano.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica a través da expresión oral na sección *Bridge to Speaking.*
- Información cultural e intercurricular: realizar compras a través de Internet de forma segura.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; *false friends.*

Grammar

- Utilización adecuada da voz pasiva. Diferenzas coa voz activa.
- Os verbos causativos.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

UNIT 4 - *Relationships*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coas relacións persoais e cos sentimentos.

- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o "rumspringa", unha etapa na que se lles permite aos mozos amish de 16 anos experimentar todo aquilo que teñen prohibido.
- Utilizar correctamente os tres tipos de oracións condicionais, as oracións temporais e as desiderativas con **wish** e **if only**.
- Redactar un texto argumentativo, empregando conxuncións de adición e contraste.
- Comprender a información global e a específica de tres chamadas que realiza a xente a un teléfono de axuda.
- Expresar sentimentos e pedir e dar consellos.
- Pronunciar correctamente as oracións ao saber que palabras hai que acentuar, e practicar o seu ritmo.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coas relacións persoais e cos sentimentos.
- Fórmulas lingüísticas para expresar sentimentos a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- *Collocations* con verbos.
- Adxectivos seguidos de preposición.
- Expresións idiomáticas.
- O significado dalgunhas palabras no inglés británico coloquial.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica a través da expresión oral, na sección *Bridge to Speaking*.
- Información cultural e intercurricular: os días máis solicitados para casar.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; os adxectivos compostos.

Grammar

- Os tres tipos de oracións condicionais. Uso e formación.
- As oracións desiderativas con **wish** e **if only**. Uso e formación.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *Tip*: repaso das oracións temporais.

UNIT 5 - *Tourism*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coas viaxes e o turismo.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o turismo en lugares onde ocorreron traxedias.
- Utilizar correctamente as oracións de relativo especificativas e explicativas.
- Redactar un texto describindo un lugar, empregando correctamente os adxectivos e os adverbios.
- Comprender a información global e a específica da descrición dunha viaxe.

- Planear unhas vacacións e describir fotografías.
- Recoñecer e pronunciar correctamente os ditongos presentes en palabras como **here - near** e **air - care** e as palabras que conteñen letras mudas.
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coas viaxes e o turismo.
- Fórmulas lingüísticas para planear unhas vacacións, a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Nomes compostos.
- Adxectivos seguidos de infinitivos.
- Expresións idiomáticas.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica a través da expresión oral na sección *Bridge to Speaking*.
- Información cultural e intercurricular: *Google Earth* e os símbolos que poden atopar nun mapa.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; uso correcto dos adxectivos.

Grammar

- As oracións de relativo especificativas e explicativas. Os pronomes e os adverbios relativos.
- Estruturas formal e informal.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *Tip*: o uso do pronome **whom**.

UNIT 6 - *Celebrations*

a) Obxectivos

- Utilizar vocabulario relacionado coas festas e as celebracións de distintos países.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o Entroido de Salvador de Baía.
- Utilizar correctamente os verbos modais e os modais perfectos.
- Redactar un texto narrativo, empregando correctamente os conectores de secuencia e as expresións temporais.
- Comprender a información global e a específica dun programa de radio.
- Falar de festas populares e describir acontecementos.
- Identificar a pronuncia das formas contraídas e das palabras que conteñan os sons */j/* e */w/.*
- Afianzar estratexias para a realización de exames.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Vocabulario relacionado coas festas e as celebracións de distintos países.
- Fórmulas lingüísticas para falar de festas populares a través da sección *Bridge to Everyday Language.*
- Palabras que se confunden con facilidade.
- Verbos seguidos de adxectivos.
- Expresións idiomáticas.
- Aplicación á gramática do vocabulario visto na unidade e posta en práctica a través da expresión oral na sección *Bridge to Speaking*.
- Información cultural e intercurricular: os costumes dalgúns países para celebrar o Ano Novo e a Noite en Branco en distintas cidades do mundo.
- *Vocabulary Builder*: técnicas para ampliar vocabulario; **should / had better.**

Grammar

- Revisión e ampliación dos verbos modais.
- Os verbos modais perfectos.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O método elidido, Bridges *for Bacharelato 1* ten en conta a diversidade existente nas aulas en canto ao nivel de coñecementos e ao grao de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos/as, proporciónandolle abundante axuda a través das actividades do *Student's Book* e do *Workbook*, das valiosas suxestións no *Teacher's Manual* e no material extra fotocopiábel.

No *Student's Book* e do *Workbook* ao incluír un repaso continuo de estruturas e de vocabulario. Ambos os dous ofrecen tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as. Por outra banda, o *Teacher's All-in-One Pack* inclúe amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e á vez, material de ampliación para os de nivel máis avanzado para adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a.

Incluensen táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática punto por punto, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe ofrécense varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

No *Workbook* presentansen diversos tipos de reforzo individualizado: táboas, encrucillados e exercicios para os alumnos/as máis analíticos, e moita e variada práctica para os máis impulsivos.

Materiais:

- un pre-test para diagnosticar as necesidades dos alumnos/as e catro páxinas con exercicios de repaso para poder elixir o material fotocopiábel adecuado a cada un
- un test por cada unidade e outro por cada trimestre, todos en dous niveis de dificultade
- follas de traballo sobre cada unidade do *Student's Book,* en dous niveis de dificultade (***Reinforcefement*** e ***More Practice***)
- páxinas extra de comprensión oral con preguntas de opción múltiple (as gravacións atópanse nos Class Audio CD)
- follas extra de *speaking*, para que practiquen a expresión oral
- páxinas extra de *writing*, para que repasen e practiquen o vocabulario, as estruturas e a redacción dos tipos de texto que aprenderon ao longo do curso

Por outra banda, o *Student's Activity Multirom* ofrece actividades interactivas de gramática e de vocabulario, *listenings* adicionais con exercicios de comprensión oral do *Workbook*, para que os alumnos/as con maiores dificultades de aprendizaxe poidan reforzar os seus coñecementos na casa e os máis avantaxados os poidan ampliar.

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

- Comprender a idea principal e identificar detalles relevantes de mensaxes orais, emitidas en situacións comunicativas cara a cara ou polos medios de comunicación, sobre temas coñecidos, actuais ou xerais, relacionados cos seus estudos e intereses ou con aspectos socioculturais asociados á lingua estranxeira, sempre que estean articulados con claridade, en lingua estándar e que o desenvolvemento do discurso se facilite con marcadores explícitos.

  Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para comprender e interpretar a información sobre temas concretos e máis abstractos, transmitida por falantes con diferentes acentos, tendo en conta aspectos tales como o rexistro utilizado, o propósito e a actitude do falante, etc. Así mesmo, avalía a capacidade de entender as ideas principais e as específicas, previamente requiridas de textos orais máis extensos, emitidos polos medios de comunicación, sempre que se fale claro, en lingua estándar, que a mensaxe estea estruturada con claridade e se utilicen marcadores explícitos.

- Expresarse con fluidez e con pronunciación e entoación adecuadas, en conversacións improvisadas, narracións, argumentacións, debates e exposicións previamente preparados, utilizando as estratexias de comunicación necesarias e o tipo de discurso adecuado á situación.

  Trátase de avaliar a capacidade para organizar e expresar as ideas con claridade, sobre temas previamente preparados, para realizar descricións e presentacións claras, sobre unha variedade de temas coñecidos, relatar feitos reais ou imaxinarios, argumentos de libros ou películas, describindo sentimentos e reaccións. Valorarase tamén a capacidade para reaccionar adecuadamente, mostrando unha actitude respectuosa na interacción e colaborar na continuación do discurso, cun rexistro apropiado á situación e ao propósito da comunicación.

- Comprender de forma autónoma a información contida en textos escritos procedentes de diversas fontes: correspondencia, páxinas web, xornais, revistas, literatura e libros de divulgación, referidos á actualidade, á cultura, ou relacionados cos seus intereses ou cos seus estudos, presentes ou futuros.

  Preténdese avaliar a capacidade para comprender a información relevante, distinguir as ideas principais das secundarias, e identificar a información requirida en textos escritos auténticos, de interese xeral e de divulgación, que ofrezan suficiente precisión e detalle como para poder analizar criticamente a devandita información, aplicando as estratexias necesarias para a realización dunha tarefa e captando significados implícitos, posturas e puntos de vista. Este criterio avalía, ademais, a capacidade para utilizar de forma autónoma recursos dixitais, informáticos e bibliográficos co fin de buscar, comparar e contrastar informacións e solucionar problemas de comprensión.

- Escribir textos claros e detallados con diferentes propósitos, que teñan a corrección formal, a cohesión, a coherencia e o rexistro adecuados, valorando a importancia de planificar e de revisar o texto.

  Con este criterio preténdese avaliar a redacción de textos cunha organización clara e enlazando as oracións, seguindo secuencias lineais cohesionadas. Tamén se valorará o interese en planificar os textos e en revisalos, realizando versións sucesivas ata chegar á versión final, con respecto ás normas ortográficas e tipográficas. Así mesmo, avaliarase se os textos definitivos amosan a capacidade para planificar e redactar con suficiente autonomía, axudándose do material de consulta pertinente, e se se sintetiza e se avalía información procedente de varias fontes, sempre que sexa sobre temas coñecidos.

- Utilizar de forma consciente os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autoavaliación e de autocorrección que reforcen a autonomía na aprendizaxe.

  Con este criterio avalíase se alumnos e alumnas manexan as estruturas gramaticais que expresan maior grao de madurez sintáctica, se valoran a efectividade das regras que coñecen, a partir de procesos indutivo/dedutivos e se son capaces de modificalas cando é necesario. Tamén se valora a ampliación de léxico máis especializado, o perfeccionamento de trazos fonolóxicos, a ortografía, así como a análise e a reflexión sobre os distintos compoñentes da competencia comunicativa que facilitan a comunicación. Ademais, avalíase a capacidade para valorar o seu proceso de aprendizaxe e para corrixir ou rectificar as súas propias producións, tanto orais coma escritas e as dos seus propios compañeiros.

- Identificar, poñer exemplos e utilizar de xeito espontáneo e autónomo as estratexias de aprendizaxe adquiridas e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para avaliar e identificar as súas habilidades lingüísticas.

  Este criterio pretende avaliar a capacidade de aplicar a novas situacións as estratexias e destrezas coñecidas e de reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe. Valora tamén o propio papel na construción de aprendizaxes mediante a toma de decisións, a observación, a formulación e o reaxuste de hipóteses e a avaliación dos progresos co máximo de autonomía. Avalía igualmente a capacidade de usar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de comunicación internacional e de aprendizaxe autónoma e a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra dela. Así mesmo, preténdese que se identifique o que se sabe facer coa lingua estranxeira, é dicir, as habilidades lingüísticas que se posúen, reforzando a confianza en si mesmos.

- Analizar, a través de documentos auténticos, en soporte papel, dixital ou audiovisual, aspectos xeográficos, históricos, artísticos, literarios e sociais relevantes dos países cuxa lingua se aprende, afondando no coñecemento desde a óptica enriquecida polas diferentes linguas e culturas que o alumnado coñece.

Este criterio avalía os coñecementos culturais que se teñen dos países onde se fala a lingua estranxeira e a capacidade para identificar e analizar algúns trazos específicos, característicos destes contextos, achegándose á diversidade social e cultural e diferenciando entre os grupos dunha mesma comunidade lingüística e entre membros de culturas diferentes.

Todas as unidades de *Bridges for Bacharelato2* contemplan os sete criterios de avaliación que estabelece a lei vixente.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN 2º BAC.

En 2º de BAC, a calificación das evaluacións terá en conta o seguinte:

- A nota global de cada unha das avaliacións será a media aritmética entre, por unha banda, o 80% das notas dos exames, e por outra o 20% dos traballos individuais.

- Ó ser avaliación continua, no haberá exames de recuperación de cada unha das avaliacións, e o alumno que non supere a 3ª avaliación terá dereito a realizar unha proba de suficiencia, que avaliará os coñecementos da materia na súa totalidade.